



# LOIS PÉREZ

## A COMPAÑÍA

No seu contar conflúen a tradición oral, o humor, a gargallada, os sucesos que escoitou, a narración, o rock, a alta literatura, as baixas paixóns (que ás veces son as máis altas!) e, se ten o día, ata a poesía. Coma Alberti, Lois Pérez anda confundido: non sabe se rascar o reloxo ou dálle corda ao cú. Venceremos, pero non sabemos cando!

## HISTORIAS DA FRONTEIRA

Unha proposta sen fronteiras, cun pé no humor e outro na tradición oral, pero tamén na gargallada, na literatura e nas historias da *Raia mollada* (e da seca!). Dicía o escritor portugués Miguel Torga que vivir consiste en non caber no berce en que naceu o corpo, e cruzar todas as fronteiras unha a unha ata morrer sen ningunha.

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

## SACAR A LINGUA A P(R)ACER

Mestura de humor, tradición oral, literatura galega e universal e os sucedidos, aqueles feitos que o contador de historias Lois Pérez escoitou ou dixo que escoitou polo mundo adiante. Así, en áxil carreira constante polo seu cerebro, as historias van mudando dependendo do día, a hora e o estado de ánimo do animal escénico.

[+](#) INFO [▶](#) VÍDEO

CULTURACTIVA

### FICHA ARTÍSTICA

**ELENCO:** Lois Pérez

**XÉNEROS:** narración oral



50'



ADULTO